

DECRETO CONVOCATORIA PLENO. EXPEDIENTE NÚM. 2020/G001 /005402

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, por medios telemáticos, o vindeiro **xoves**, día **24 de setembro de 2020**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

1/91 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO, NÚMERO SC-4/2020, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

2/92 PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE A FACTURAS. EXPEDIENTE 15-2020.

PROPOSICIÓNS

3/93 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 200/2020 DE REXISTRO DE PLENO, POLA QUE SE RECLAMAN MEDIDAS DE GARANTÍA PARA A SEGURIDADE E A CONVIVENZA CIDADÁ FRONTE Á OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS.

4/94 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 222/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A COMPRA DE MÁSCARAS INFANTÍS.

5/95 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 223/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA PISTA DE MOTOCRÓS NO ANTIGO VERTEDOIRO DE TEIXEIRO.

6/96 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 224/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UN PLAN DE SUPRESIÓN E SOTERRAMENTO DO CABLEADO AÉREO.

7/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 225/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN PLURIANUAL DE CONTRATACIÓN.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4056621180711385498.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-9-2020

8/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 226/2020 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE ACADAR A GRATUIDADE DA LIÑA DE ATENCIÓN TELEFÓNICA Á CIDADANÍA 010.

9/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 228/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA QUE ABORDE COS CONCELLOS ESTRATEXIAS CONXUNTAS FRONTE Á COVID-19.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

10/100 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 21 DE XULLO DE 2020, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

TESOURERÍA

11/101 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2020.

INTERVENCIÓN

12/102 DACION DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2019.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 227/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR DE TRAÍDA DE AUGA POTABLE AOS NÚCLEOS DE VILARDÓN, VILAR, A REGA E A PONTE EN BOCAMAOS.

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día, sen prexuízo da súa remisión por correo electrónico, atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei

5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.